

LEMBRANDO A UN ETERNO EMIGRANTE

Ó preparar esta nova edición dos traballos gañadores do 3º Certame Literario MANUEL ORESTES RODRIGUEZ LOPEZ véñenme á mente un sen fin de lembranzas da miña relación co Poeta-Labrego-Obreiro, Mestre e amigo.

Dende o final da década dos setenta, agosto tras agosto, ano tras ano, Manolo regresaba da súa "denunciada" emigración ó encontro coas súas raíces, coa súa terra Nai e Señora. Embebíase no zume das árbores, no verde dos prados, na cerna dos carballos, mergullábase no espírito do pobo, eu coido que aquí osixenábase, diría que case dun xeito sobrenatural.

Eran habituais as viaxes polo Concello, acompañados por algúns amigos: D. Anxel Fole, Benxamín Andrade, Blanco Castro, Víctor L. Villarabid, Xesús Mato entre outros. Nunha destas viaxes, acompañados por Víctor L. Villarabid, dirixímonos ás Ribeiras do Miño, visitando o Mosteiro de San Facundo e a Ermida da Penarredonda, onde Manolo, coma sempre, nos deu unha lección maxistral da historia destes lugares, á vez que amosaba a súa mágoa, por ver como todo un Monumento Nacional (declarado en 1982) sumíase nunha ruina irrecuperable.

Manolo co seu "saber facer", deixou cae-lo grao da semente, dando ideas e proxectos, sobre unha posible restauración de tan importante conxunto monacal, o mesmo en Penarredonda, propoñendo a recuperación da Romería da Nosa Señora, á vez que demandaba a construción duns bos accesos.

Hoxe, véspera da Romería, miro ó ceo na procura dunha sorriso cómplice do "Eterno Emigrante" ó ver que a súa semente despois de case quince anos xerminou e son realidade os seus proxectos. Gracias Manolo.

Ó saír ó público os traballos gañadores deste III Certame, e abrir unha nova convocatoria, quixéramos agradecer moi expresamente a participación de tódolos concursantes, e expresarlles a vontade de seguir mellorando o Certame. Así, na próxima edición aumentarase o xurado coa inclusión de dous escritores, un en narrativa e outro en poesía. Tamén se propoñerá a fixación dunha data concreta para a entrega do premio, data que sen dúbida terá un referente na vida do noso Fillo Predilecto.

Unha felicitación ós gañadores D. Esteban González Alonso e D. Xabier Castro García en Poesía e Narrativa respectivamente así como ós tres accésits concedidos polo Xurado a D. José Ricardo Vélez Vázquez, Dna. Rosa Aneiros Díaz e D. Pedro Rielo Lamela.

Eu quixera rematar cun recordo agarimoso a quen tivemos e temos ó noso carón a pesar de ser o "Eterno Emigrante". Segue valendo aquel dito dunha das súas poesías que dicía: "Por hoxe déixote pero non coides, Xaniño, que xa ten rematado, o meu cantar".
¿Profecía quizais?

Paradela, véspera da Nosa Señora da Penarredonda.

O Alcalde

Xosé Manuel Mato Díaz